



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

José Antonio Meizoso Paz (1 para 2)
Secretario-Interventor
Data de Sinatura: 01/03/2019
HASH: 3a3330b548231678438294c986800b0c865

ACTA DA SESIÓN DE CARÁCTER ORDINARIO REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 28 DE FEBREIRO DE 2019

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LOPEZ

CONCELLEIROS:

D. ANTONIO RODRÍGUEZ MEIZOSO

D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. DAVID RODRÍGUEZ SANMARTIN

D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

SECRETARIO:

D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ

No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela (habilitada), provincia da Coruña, sendo as dez horas do día vinte e oito de febreiro de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnense os Sres. Concelleiros que se relacionan na marxe asistidos do Secretario da Corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.

Non asiste á sesión a Concelleira Dna. Laura Piñeiro Montes.

Disculpa a súa asistencia a Concelleira Dna. María Ibera Teijeiro Sanjuán


Manuel Meizoso López (2 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 01/03/2019
HASH: f1b4a7055270f930825e79419e2269a

I.- LECTURA E APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 13 DE FEBREIRO DE 2019. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistente á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trece de febreiro de dous mil dezanove.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno do Concello por unanimidade dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.





CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es


II.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA

Dase conta ao Pleno da relación de decretos e resolución da Alcaldía dende o día 10 de decembro de 2018 ata o día 20 de febreiro de 2019, que de seguido se relacionan:

DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O DÍA 10.12.2018 ATA O DÍA 20.02.2019

Nº DECRETO	DATA	ASUNTO
00316/2018	10/12/2018	CONVOCATORIA PLENO MUNICIPAL PARA O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2018, CON CARÁCTER ORDINARIO
00317/2018	10/12/2018	CONCESIÓN DE LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION A D. ARMANDO SANTIAGO PAZ LOPEZ PARA CONSTRUCCION DE EDIFICACION DESTINADA A VIVENDA UNIFAMILIAR, NO LUGAR DE AS NEVES, S/N.
00318/2018	11/12/2018	APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL NOVEMBRO 2018 DAS TAXAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
00319/2018	11/12/2018	CONCESION LICENZA URBANÍSTICA PARA "CONSTRUCCION DE FOSA SÉPTICA PARA UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE", NO LUGAR DE O LOMBO, Nº 3
00320/2018	17/12/2018	APROBACIÓN DA RELACIÓN CONTABLE O/2018/12
00321/2018	17/12/2018	APROBACIÓN DA RELACIÓN CONTABLE O/2018/12
00322/2018	17/12/2018	APROBACIÓN DA RELACIÓN CONTABLE P/2018/14
00323/2018	20/12/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO "MANTEMENTO INTEGRAL DA ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DA CAPELA"
00324/2018	20/12/2018	APROBACIÓN DA CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO PROXECTO "MELLORA DE BEIRARRÚAS E ILUMINACIÓN PÚBLICA NAS NEVES: PK 9+850-PK 10+110" INCLUÍDO NO POS+ 2019 COMPLEMENTARIO
00325/2018	20/12/2018	SOLICITUDE COPIA DOS INFORMES DE FISCALIZACION Nº 2 E 3/2018 CON REPAROS EMITIDOS POLO SECRETARIO-INTERVENTOR DOS DÍAS 13 E 22 DE NOVEMBRO DESTE ANO SOBRE OS PAGOS DE DISTINTAS FACTURAS.
00326/2018	21/12/2018	APROBACIÓN DA NÓMINA DECEMBRO 2018 DO PERSOAL DO CONCELLO
00327/2018	21/12/2018	CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN BOULO 2018
00328/2018	26/12/2018	ALTA NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE DNA. NOELIA MEIZOSO FOJO





CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371


E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

00329/2018	27/12/2018	CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DE AVAL DEFINITIVO DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DE TREITOS DA RUTA DE SENDEIRISMO DO CAMIÑO VELLO DE CAAVEIRO"
00330/2018	29/12/2018	APROBACIÓN DA RELACIÓN CONTABLE O/2018/13
00331/2018	29/12/2018	APROBACIÓN DA RELACIÓN CONTABLE P/2018/15
00332/2018	31/12/2018	APROBACIÓN DA RELACIÓN CONTABLE O/2018/14
00333/2018	31/12/2018	ALTA NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE DNA. LUCIA MEIZOSO LOUREIRO E DNA. IRIA GIL RODRIGUEZ

Nº DE DECRETO E ASUNTO	DATA	PROCEDEMENTO
DECRETO 2019-0001 [Resolución levantamento repararo 5-2018]	03/01/2019 11:14	Proposta de Gasto
DECRETO 2019-0002 [Aprobación relación contable O2018-15]	03/01/2019 13:09	Proposta de Gasto
DECRETO 2019-0003 [Decreto aprobación PF Auga 4t 2018]	04/01/2019 12:28	Aprobación ou Modificación do Padrón Fiscal
DECRETO 2019-0004 [Resolución adxudicación Amplia_Saneamento_ABuiña]	07/01/2019 9:06	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0005 [Resolución PF Decembro 2018]	07/01/2019 13:53	Aprobación do Padrón Fiscal
DECRETO 2019-0006 [resolucion padron rosa maria]	09/01/2019 11:10	Dereito de Acceso dos Cargos Públicos
DECRETO 2019-0007 [resolucion aprob plan seg Rehab concello]	10/01/2019 11:43	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0008 [Resolución de Alcaldía]	10/01/2019 13:53	Contratacións
DECRETO 2019-0009 [Decreto actuacións automatizadas]	11/01/2019 9:49	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0010 [Resolución de Alcaldía]	15/01/2019 8:10	Contratacións
DECRETO 2019-0011 [resolucion aprobacion oferta emprego 2019]	15/01/2019 10:27	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2019-0012 [resol aprob plan seg CONVENIO 63-2018]	18/01/2019 9:38	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0013 [Resolución de Alcaldía]	18/01/2019 11:20	Subvencións Solicitadas a Outra Administración
DECRETO 2019-0014 [Resolución de Alcaldía]	18/01/2019 13:43	Contratacións
DECRETO 2019-0015 [Resolución da Alcaldía]	21/01/2019 11:03	Contratacións
DECRETO 2019-0016 [Resolución da Alcaldía]	21/01/2019 13:22	Contratacións
DECRETO 2019-0017 [Resolución da Alcaldía]	22/01/2019 9:27	Contratacións





CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela


Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

DECRETO 2019-0018 [resolucion concesion licenza Mª Celia]	22/01/2019 12:23	Licenzas Urbanísticas
DECRETO 2019-0019 [Resolución da Alcaldía]	23/01/2019 10:12	Contratacións
DECRETO 2019-0020 [resolucion aprob plan seg AMPLIAC SAN BUÍÑA]	23/01/2019 10:42	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0021 [Resolución levantamento reparo 1-2019]	23/01/2019 11:54	Procedemento Xenérico
DECRETO 2019-0022 [Decreto facturas pdtes exercicio 2018]	23/01/2019 12:40	Procedemento Xenérico
DECRETO 2019-0023 [Resolucion aprobación pagos pdtes 2018]	23/01/2019 13:58	Procedemento Xenérico
DECRETO 2019-0024 [Resolución de Alcaldía]	25/01/2019 14:07	Nóminas
DECRETO 2019-0025 [Resolución nómina xaneiro 2019]	29/01/2019 14:19	Nóminas
DECRETO 2019-0026 [resolucion acordo solicitude CONVENIO CAAVEIRO-19]	30/01/2019 10:23	Subvencións Solicitadas a Outra Administración
DECRETO 2019-0027 [Resolución de Alcaldía]	31/01/2019 8:31	Modificación de Crédito
DECRETO 2019-0028 [Resolución solicitude subvención socorrismo]	31/01/2019 11:38	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0029 [Resolución da Alcaldía]	31/01/2019 13:50	Contratacións
DECRETO 2019-0030 [tecnico deportivo 2019]	01/02/2019 8:21	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0031 [resolucion solicitude subv PORTAL 2019]	01/02/2019 12:40	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0032 [resolucion tec-depor 2019]	01/02/2019 12:41	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0033 [resolucion subv entidades 2019]	04/02/2019 12:25	Subvencións por Concorrenca Competitiva
DECRETO 2019-0034 [RESOLUCION CIPRIANA]	05/02/2019 13:18	Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)
DECRETO 2019-0035 [Resolución IPC 2019 Virxe do Carne]	07/02/2019 8:52	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0036 [resolucion dias habiles josefina]	07/02/2019 9:32	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0038 [Resolución de Alcaldía]	12/02/2019 10:12	Peche e Liquidación do Orzamento
DECRETO 2019-0037 [Resolución de Alcaldía]	12/02/2019 10:12	Contratacións
DECRETO 2019-0039 [Resolución de Alcaldía]	12/02/2019 12:32	Aprobación do Padrón Fiscal
DECRETO 2019-0040 [resolucion convo pleno 13.02.19]	12/02/2019 12:51	Convocatoria de O Pleno





CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

DECRETO 2019-0041 [Resolución de Alcaldía]	12/02/2019 13:14	Contratacións
DECRETO 2019-0042 [Resolución de Alcaldía]	13/02/2019 13:07	Tramitación conxunta de facturas
DECRETO 2019-0043 [resolucion adhesión programa sscg]	14/02/2019 12:26	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0044 [Resolución recoñecemento obrigas]	15/02/2019 9:01	Tramitación conxunta de facturas
DECRETO 2019-0045 [resolucion tarxeta estac ESTHER GALDO]	15/02/2019 14:24	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0046 [Decreto da convocatoria]	18/02/2019 12:25	Convocatoria de A Comisión Especial de Contas
DECRETO 2019-0047 [resolucion asuntos propios OLGA]	18/02/2019 12:43	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0048 [resolucion concesion licenza Laura CASA NIÑO]	20/02/2019 8:40	Licenzas Urbanísticas
DECRETO 2019-0049 [Resolución de Alcaldía]	20/02/2019 9:13	Contratacións
DECRETO 2019-0050 [resolucion concesion licenza parcelacion JOSE MANUEL]	20/02/2019 13:08	Licenzas Urbanísticas
DECRETO 2019-0051 [Resolución de Alcaldía]	20/02/2019 13:25	Contratacións

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy pregúntase ó Sr. Alcalde sobre unha resolución de aprobación de facturas do día 29 de decembro de 2018 na que aparece en atención protocolaria unha comida cos sanitarios locais, preguntando cal foi o motivo da reunión. Polo Sr. Alcalde-Presidente respostase que nesa comida á que foron invitados o Médico e ATS do Centro de Saúde e trataronse asuntos da atención sanitaria no Concello da Capela.

O Pleno da Corporación queda enterado.

III.- MOCIONS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS


Non se presentan

IV.- ROGOS E PREGUNTAS

ROGO

ÚNICO: Dase conta ó Pleno do rogo presentado polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy que copiado literalmente dí:





CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Este mes empezou a executarse a obra "Pavimentación do acceso ás Fragas do Eume". Nestes primeiros días observase un relax por parte da empresa constructora no asunto de Seguridade Vial.

ROGO a o Sr. Alcalde que verifique este aspecto e que por parte do Director de Obra se poñan as medidas de seguridade necesarias para cumprir coa execución da citada obra.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que xá se falou co Director de Obra para que vexa se se están a cumprir as medidas de seguridade ou ben faltan algunhas delas.

PREGUNTAS

Dase conta ó Pleno das preguntas formuladas polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy que de seguido se relacionan:

1. ALBERGUE DO BARREIRO: enterados de que o Sr. Alcalde autorizou o uso do citado edificio municipal; para a realización de diversos eventos. Este grupo municipal está interesado en saber:
 - a) Cantas veces foi usado o Albergue durante o ano pasado? E por quén?
 - b) Cal é a taxa que se cobra.
 - c) Baixo que ordenanza se lles cede aos solicitantes?
 - d) As solicitudes, do uso, feitas se axustan a os obxectivos das ordenanzas?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que o edificio é un ben municipal que xá non conta coa categoría de Albergue e que se cede as persoas que o solicitan. Non hai ordenanza que regule o uso de ningún local do Concello da Capela, dí asímesmo que de memoria non se lembra de cantas veces foi usado no derradeiro ano.

2. LEVANTAMENTO DAS NOTAS DE REPAROS 2 e 3/2018:

- a. Ten pensado cumprir o Sr. Alcalde a Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Séctor Público nos servizos que se relacionan nos reparos?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que se cumprirá a normativa cando o Concello dispoña de máis persoal para facer máis contratacións, dí que é o concello da provincia que máis servizos ten contratados públicamente.

3. XUNTA DE PORTAVOCES: por que non se convoca este órgano?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que se voltaran a convocar as Xuntas de Voceiros os segundos xoves de cada mes.





CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

4. Cales son as datas exactas para o remate das seguintes obras:

- a. Reforma da casa consistorial.
- b. Pavimentación do acceso ás Fragas do Eume.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que se poden revisar os expedientes das obras, pero dí ademáis que cada empresa dispón dun prazo de tres meses para executar cada unha delas.

5. A Capela xá está incluída no Plan Metropolitano de Galicia?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que o Concello ten feita a petición fai dous anos, pero aínda non respostaron á petición.

Formúlase polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy as seguintes preguntas "in voce":

1ª. ¿Cal é o motivo da compra dun novo vehículo para o Concello?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que va a ser unha furgoneta básica tipo Citroen Berlingo para os desplazamentos do Sr. Alcalde e Concelleiros por motivos do seu cargo, dí ademáis que vai a poder ser usada por todos os Concelleiros.

2ª. Visto o orzamento para o exercicio 2019, observase que non aparece a Escola de Música Municipal ¿Qué pasa con ela?.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que a Escola de Música deixou de prestar servizo como Escola Municipal de Música ó vencemento do contrato, e que agora cedeuse o local donde estaba á mesma empresa que segue prestando o servizo no ámbito privado.


Remata a súa resposta o Sr. Alcalde-Presidente decindo que o motivo da non renovación do contrato foi eliminar o custo que suponía para o Concello.

E xá que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas e vinte minutos, de todo o cal eu, Secretario, dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

O secretario,





CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A ☐ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 ☐ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz

